

## Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, número 28786 (10/PNC-002269)** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa perda de poboación que está a padecer Galicia nos últimos anos, nomeadamente nos concellos do medio rural incluída na orde do día 6/9/2019 da Comisión 3ª.

### **Emenda de adición no punto 1:**

Debe engadirse no punto 1 a continuación o seguinte texto

“ antes de que remate o ano, e presentalo ante o Parlamento no primeiro trimestre do ano 2020.”

### **Emenda de adición no punto nº2:**

Debe engadirse no punto 2 o seguinte texto

“ tendo en conta os obxectivos da Política Agraria Común de protección de reforzo no medio rural da UE:

- Biodiversidade, preservación e desenvolvemento de sistemas agrícolas e silvícolas naturais e paisaxes agrícolas tradicionais
- Xestión e explotación da auga
- E loita contra a crise climática.”

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2019.

Asdo: Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputado e voceiro do G.P. Mixto

### **Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 05/09/2019 17:37:09**

**Luis Villares Naveira na data 05/09/2019 17:37:37**



## Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Mixto** a iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea número 45801(10/PNC-003690)**, sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan que permita xerar oportunidades de emprego para as persoas paradas de maior idade, incluída na orde do día 6/9/2019 da Comisión 3ª.

### **Emenda de substitución:**

Debe substituírse a parte resolutiva polo seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a

- 1.-Crear un plan que xere oportunidades de emprego para as persoas paradas maiores de 50 anos e paradas de longa duración,
- 2.-Reducir os requisitos das bases reguladoras do Programa de Incentivos á contratación por conta allea das persoas desempregadas paradas de longa duración, incluíndo incentivacións pola contratación das persoas maiores de 50 anos, cando leven máis de 12 meses inactivas.
- 3.-Ampliar as persoas e colectivos recollidos nas bases no programa emprega muller, para a súa contratación por conta allea, cofinanciada polo programa FSE Galicia 2014-2020, e a formación de mulleres desempregadas, poñendo o foco naquelas que pola idade teñan máis dificultade de inserción no mundo laboral,
- 4.- Promover o traballo non precario de cara ao cumprimento do obxectivo da UE da inclusión social e loita contra a pobreza.

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2019.

Asdo: Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputado e voceiro do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 05/09/2019 17:41:31**

**Luis Villares Naveira na data 05/09/2019 17:41:46**

